

Ficha de envío de propostas ao Viveiro de propostas normalizadoras da CTNL

Proposta de nome para o proxecto	FEIRAGAL (aulagal-familiagal & mocigal feira) lmos de feira).
Datos da persoa que fai a proposta	Nome e apelidos: XOSÉ RAMÓN LÓPEZ BOULLÓN Enderezo-e: lopezboullon@edu.xunta.es / rilomos@gmail.com Profesión/posto/ámbito/entidade: profesor CPR Divino Maestro
Breve descrición do proxecto	Desenvolver un día de feira con actividades, obradoiros, xogos, campañas en galego, uso de ferramentas e redes sociais en galego, uso do móbil en galego, actividades lúdicas, contacontos, monicreques... de todo tipo - como se fose un mini culturalgal-, con charlas de sensibilización, nas principais cidades galegas para as familias e a mocidade máis desfavorable ao uso do galego.
Obxectivos da iniciativa	<p>1.Impulsar o uso do galego nas familias e na mocidade dos núcleos urbanos e máis castelán-falantes, para que as familias e as novas xeracións poidan incorporarse á cultura e á sociedade en galego e aumentarmos o número de persoas adultas falantes do galego e mellorar a súa competencia lingüística e tamén que aumente o número de mozos/as galego/falantes no seu contorno familiar, de amizade...</p> <p>2.Conseguir que a lingua propia sexa usada en contextos menos favorecedores; en todos os usos públicos e se desenvolva en condicións, cando menos de igualdade en todos os ámbitos.</p> <p>3.Conseguir que sexan plenamente respectados os dereitos lingüísticos dos galegos en todas as súas actividades cotiás, públicas, profesionais, culturais, sociais, etc.</p> <p>OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS</p> <p>1.Afianzar e potenciar a utilización do galego nas familias garantindo e incrementando a transmisión interxeracional e o uso do idioma nas primeiras idades, na época infantil e na adolescencia.</p> <p>2. Desenvolver posicións favorables cara ao idioma entre as familias a través da sensibilización e da participación.</p> <p>3.Reforzar a capacidade lingüística dos integrantes do grupo familiar: avós, pais e fillos</p> <p>4.Favorecer o uso do galego na educación e na mocidade no ámbito do ensino escolar, ampliando e profundando no proceso de normalización na educación non universitaria.</p> <p>5.Potenciar o aumento de alumnos que utilicen o idioma de xeito habitual.</p>

	<p>6.Potenciar o galego oral e a competencia lingüística nos centros de ensino</p> <p>7.Normalizar a utilización do galego fóra do ámbito propiamente escolar.</p> <p>8 Posibilitarlle á mocidade vivir en galego.</p>
Explicación de en que consistiría a acción	<p>Facer un día de feira, unha aula fóra da aula nunha xornada coa participación das familias na que colaborem e participemos os centros de ensino das cidades e contactemos con rapaces galego-falantes de zonas galego-falantes e intercambiamos experiencias, navegación nas web, redes sociais, con xogos, música, cine en galego...; e coa colaboración da CTNL e outros axentes normalizadores, coa súa experiencia e campañas de promoción e defensa do idioma como <i>gústame o galego e outras</i>, e o Equipo de normalización e dinamización lingüística, nun encontro semellante tamén ás <i>xeiras de lingua galega</i> dirixidas a este sector de poboación no que se poidan intercambiar experiencias e imaxinar novos proxectos e termos un espazo para a reflexión e a creatividade e para conquistar novas metas e novos falantes desde a colaboración e o apoio entre todos.</p>
Destinatarios/as	<p>Familias (pais e nais de rapaces en idade escolar; ANPAs de centros de ensino; e alumnado de 3 a 16 anos.</p>
Quen se propón que a promova?	<p>CTNL-ENDL- Responsables de Normalización e dinamización dos centros de xeito conxunto e coa implicación dos concellos, axentes culturais, asociacións veciñais e empresariais de salas de cine, bares, salóns recreativos...</p>
Necesidades materiais	<p>Un espazo público nas cidades onde se montaría a feira coa autorización e o permiso municipal ou ben nun espazo privado facilitado por unha empresa de hostalaría, por exemplo, que quixera colaborar e tivese unha superficie suficiente para desenvolver esta feira.</p>
Necesidades humanas	<p>As que requira o evento; pero contando coa participación tamén na infraestrutura e na organización e atención das entidades organizadoras e das Comunidades educativas: as Anpa, etc.(vid. Apartado seguinte)</p>
Proposta de xestión do proxecto	<p>Xestionaríase desde estas entidades CTNL-ENDL...na procura do espazo, o lugar, as colaboracións, os apoios asociativos e empresariais e económicos para financiar esta actividade e conxuntamente cunha achega económica simbólica por cada rapaz/familia participante.</p> <p>Os RR HH para o seu desenvolvemento serían cubertos por persoas destas entidades e profesores/as, alumn@s e pais e nais colaboradores.</p>
Prazos previstos	<p>Un día completo desde a mañá á tarde, compartindo UNHA XORNADA COMPLETA (Habería que determinar o horario) e desenvolve-lo para comezar a poñelo en marcha o próximo curso 2013-2014.</p>

Outras observacións

Esta actividade melloraría a imaxe dos centros e a comunicación entre eles e permitiría desenvolver unha verdadeira acción lingüística e lúdica desde o traballo da normalización e o uso da lingua propia. Permitiría mellorar a calidade de ensino dos centros e mellorar un sistema endogámico, no que cada un vai por libre nisto do idioma. Potenciaría un traballo conxunto e universal nunha tarefa na que todos e todas debemos aunar esforzos e potenciar o uso da lingua e todo o que a rodea, como o material formativo ou a esixencia dunha política lingüística de calidade que subvencione de forma eficaz e eficiente a nosa lingua

Apunto como última idea a de implicarmos nesta tarefa ou actividade os medios de comunicación: prensa- radio e tv que poden facer programas este día nesta feira na que participen os destinatarios e protagonistas dela e achegarse así á realidade deste ámbito como impulso e difusión e que se decaten da importancia do uso do galego nestes medios e, desde a colaboración, poidamos impulsar un incremento da presenza do galego tamén neles.